

Información e Documentación da Ciencia en España (ÍNDICES-CSIC) é un recurso multidisciplinar que recompila principalmente artigos de investigación publicados en revistas científicas españolas. É a plataforma para acceder aos contidos do que eran as Bases de datos Bibliográficas do CSIC: ICYT (Ciencia e Tecnoloxía), IME (Biomedicina) e ISOC (Ciencias sociais e humanas).

1- COMO ACCEDER:

Web da Biblioteca de la UDC → **Recursos de información** → **Bases de Datos** → **C** → **CSIC**.
Para acceder desde fóra da red UDC: **Acceso desde fóra**

2- BUSCAR REVISTAS:

Desde a pestana **Revistas** pódese buscar unha revista na **Búsqueda por campos** (Título, ISSN,...) ou consultar o directorio de revistas agrupadas por materia en **Cobertura temática**.




3-COMO BUSCAR:

Desde **Documentos** hai varias opcións de procura, en distintas pestanas:


Busca simple:

Buscará os termos nos campos: materias, título do documento e resumos. Non busca por autor nin título de revista.



Busca avanzada:

Cos menús despregables podemos seleccionar os **Campos** (autores, títulos...) e combinalos cun booleano (**Y, O, NO**). Nalgúns campos, ao comezar a teclear, o termo suxire entradas do índice e só seleccionando unha pódese lanzar a consulta. Noutros, aparecen as opcións **Todas las palabras** (E), **Alguna palabra** (OU) e **La frase**, e pódese teclear calquera termo de procura.




Busca experta:

Para procuras máis complexas, mediante ecuacións con álgebra booleana. Siguen una arquitectura común que é **Campo: Consulta**. Ex: doi:
Se non se indica ningún campo, a procura realizarase en todos os campos indexados.



Busca por índices:

De descriptores, identificadores, topónimos e **Materias** (que inclúe aos outros). É posible seleccionar varios termos e despois **Combinar termos marcados**, escollendo un operador booleano (**AND, OR, NOT**).




Historial


Toda procura realizada durante unha sesión queda rexistrada na pestana Historial. Desde onde podemos combinar procuras con **AND, OR e AND NOT** para crear unha procura nova. Tamén podemos **gardar procuras** se entramos como usuario rexistrado.

4-RESULTADOS

Pódense **ordenar** por relevancia, ano, autor e título de revista, de forma descendente ou ascendente e con visualización breve ou completa.



Á esquerda podemos **filtrar** para obter resultados máis axustados. (Por exemplo, con acceso ao texto completo).



Picando sobre un título accédese ao rexistro completo, desde onde é posible:

- Obter o **PermaLink** (URL permanente).
- Relanzar a busca picando nos **hipertextos** de autores, descriptors, identificadores, título de revista ...
- Obter o **texto completo** se a base conta con el.

Tamén accesible á esquerda do título na listaxe de resultados:


Exportar resultados

Na listaxe de resultados podemos marcar os que nos interesan ou picar en **Seleccionar todos**. As seleccións nas diferentes pantallas vanse gardando. É posible cambiar o número de rexistros que se visualizan por pantalla.

Podemos **Exportar** ou **Añadir a mi lista**:

En **Exportar** xeramos un arquivo nos formatos txt, txt sen etiquetas, XML, pdf, Excel, RIS ou Bibtex.

(Con RIS e Bibtex poderemos exportar referencias a xestores bibliográficos).



Se entramos como usuario rexistrado, **Añadir a mi lista** ofrece a opción de gardar os rexistros en **Mis documentos** e organizalos en cartafoles.

5-A MIÑA CONTA

A través deste menú accedemos aos servizos personalizados para **usuarios rexistrados**. Podemos rexistrarnos utilizando a nosa conta de **correo da UDC**.

-En **Mis documentos** e **Mis revistas** gardamos en cartafoles os rexistros que marcamos con **Añadir a mi lista**.

-**Mis búsquedas** mostra as procuras gardadas a través do **Historial**.

-En **Alertas** creamos alertas de revistas ou documentos que chegarán mensualmente ao noso correo. A través dunha árbore temática ou seleccionando unha revista en concreto.



- Máis información no manual da Axuda.
- O motor de busca realiza truncamentos en raíces léxicas, aínda que podemos usar * e ?



Foto: Héctor Santos-Díez